

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ENFERMIDADE OU URXENCIA MÉDICA DO ALUMNADO

1. De producirse algunha situación de malestar, enfermidade, accidente ou urxencia médica, sexa na aula ou no recreo, será o profesorado de garda nese momento quen leve adiante o protocolo de actuación.
2. O profesorado de garda tomará as medidas precisas para que o alumnado estea en situación comfortable á espera da continuación do protocolo, avisará o membro do equipo directivo de garda, e tentará poñerse en contacto coas persoas responsables legais do alumnado. Mentres tanto acompañará o alumnado.
3. O profesorado de garda valorará a gravidade da situación e se é preciso chamará ao servizo de urxencia 061, circunstancia na que seguirá as instrucións pertinentes.¹
4. No caso de lesións por accidente o alumnado de 3º e 4º ESO, Bacharelato e FP, deberá dirixirse ao Hospital Álvaro Cunqueiro ou á Clínica Concheiro, achegando un parte de accidente que recollerá en secretaría. De ser un caso grave o parte poderá tramitarse *a posteriori*. O alumnado de 1º e 2º ESO acudirá ao seu Centro de saúde.
5. De non poder poñerse en contacto cos responsables legais do alumnado, ou ben estes non poder acudir ao centro, o profesor ou profesora de garda acompañará o alumnado ao centro sanitario nun taxi, nunca en vehículo particular. Os gastos ocasionados polo desprazamento seranlle abonados na conserxería, previa presentación do recibo da viaxe en taxi.
6. De non precisar asistencia médica e a familia non poder vir buscar a alumna ou alumno, o profesor ou profesora de garda poderá acompañar o alumnado nun taxi, sempre e cando na súa casa haxa alguén que se faga responsable. Os gastos ocasionados polo desprazamento seranlle abonados do mesmo xeito que na situación anterior.

¹ A dirección do centro informará a principio de curso ao profesorado daquelas alumnas e alumnos inscritos no programa **ALERTA ESCOLAR**, un conxunto organizado de accións administrativas, informativas e operativas, que pretende achegar una atención sanitaria inmediata e eficaz a todas as persoas escolarizadas entre 0 e 16 anos que padezan patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital: crises alérxicas, comiciais e diabéticas.